



RVB

2013

XUNTA DE GALICIA



Caprice des dieux. Montaxe de Teatro Antroido (1985)

FOTO: Tino Viz. Por cortesía da Asociación Roberto Vidal Bolaño

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

PROGRAMACIÓN DAS LETRAS GALEGAS

2013

Por primeira vez, a Real Academia Galega decidiu dedicar o Día das Letras Galegas a un autor enteiraamente entregado ao teatro. Roberto Vidal Bolaño consagrou a súa vida profesional á práctica escénica en galego e a unha extensa creación literaria centrada no xénero dramático.

Vidal Bolaño constitúe un referente indiscutible no noso ámbito teatral, polo que a Xunta de Galicia aposta este ano por contribuír á difusión da obra do autor no seu espazo natural: a escena. Así, por primeira vez, o Centro Dramático Galego dedicará toda a súa actividade anual de 2013 á obra deste autor, cun cobizoso programa no que integra tamén a colaboración con compañías privadas.

Ademais da programación do Centro Dramático Galego, están en marcha unha morea de iniciativas de difusión da súa obra: novas edicións, exposicións, concursos escolares etc. Unha ampla axenda para celebrar o ano enteiro a achega cultural de Roberto Vidal Bolaño.



ESTREA

venres 5 de abril ás 21.00 h
Salón Teatro
SANTIAGO DE COMPOSTELA

DÍAS SEN GLORIA

Centro Dramático Galego

DIRECCIÓN: Fefa Noia

AUTORÍA: Roberto Vidal Bolaño


ELENCO: Manuel Manquiña, Eva Souto, Borja Fernández, Felisa Segade, Sergio Zearreta

Días sen gloria é a produción propia coa que o CDG homenaxea este ano o autor ao que se lle dedica o Día das Letras. Trátase dun dos textos máis audaces na brillante produción literaria de Roberto Vidal Bolaño, co Camiño Francés como territorio no que o paradigma amor-morte se revela en atmosfera inquietante, como compañeiro inseparable de quen peregrina disposto a arriscalo todo. Este é o vimbio co que construíu unha historia a modo de *road movie* que conclúe no final dun oeste europeo, ao pé de Compostela. Namentres, a aventura, o espírito do Camiño anegándoo todo, envolto de violencia e de tenrura, de derrota e vellas fraternidades.



abril

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Salón Teatro. Do 5 ao 28 de abril
mércores e xoves ás 11.00 h (escolares)
venres e sábados ás 20.30; domingos ás 18.00 h (xerais)





ESTREA

venres 19 e 20 de abril

Pazo da Cultura

NARÓN

CRIATURAS

Teatro do Aquí

en coprodución co Centro Dramático Galego

DIRECCIÓN: Evaristo Calvo

AUTORÍA: Roberto Vidal Bolaño

ELENCO: Belén Constenla, Marcos Orsi, Vicente de Souza, Xoán Carlos Mejuto



A compañía na que Roberto Vidal Bolaño desenvolveu a última parte da súa traxectoria profesional regresa aos escenarios coa reposición de *Criaturas*, espectáculo que trata de indagar e poñer ao descuberto o que a razón ou a civilización puideron producir de monstruoso en nós, ou nos que nos rodean. Neses personaxes anónimos, cotiáns, cos que nos cruzamos cada día no paso de peóns, á volta da esquina, na cola do súper ou do cine, e cos que nos relacionamos con toda naturalidade. Con esa mesma naturalidade coa que aceptamos, ou mesmo consumimos, polos sen plumas, ovos sen colesterol, melóns sen pebidas ou híbridos de améndoa confeitada con boa presentación e sabor a todo e a nada.





ESTREA

venres 4 de maio
Auditorio Municipal
RIANXO

BailadELAS (*seis mulleres bolañesas*)

Teatro Antroido

en coprodución co Centro Dramático Galego

DIRECCIÓN: Xavier Estévez

AUTORÍA: Roi Vidal a partir de textos de Roberto Vidal Bolaño


ELENCO: Laura Ponte



Roberto Vidal Bolaño en *Bailadela da morte ditosa*. (1980)
FOTO: cortesía da Asociación RVB

Teatro Antroido foi a compañía coa que, a principios dos anos setenta, Roberto Vidal Bolaño deu o paso cara á profesionalización escénica. Laura Ponte, a persoa que o acompañou nesa aventura, rescata agora esta estrutura teatral para, a xeito de homenaxe, reivindicar un tem-

po e un país a través da ollada de seis personaxes femininos representativos do universo literario bolañano e que responden a fragmentos das obras *Laudamuco, señor de ningures, Bailadela da morte ditosa, Saxo Tenor, Días sen gloria, Rastros e Criaturas*.





ESTREA

4 de outubro

Salón Teatro

SANTIAGO DE COMPOSTELA

TOUPORROUTOU DA LÚA E DO SOL

Teatro do Noroeste +

Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia

en coprodución co Centro Dramático Galego

DIRECCIÓN: Eduardo Alonso

AUTORÍA: Roberto Vidal Bolaño

Teatro do Noroeste, a ESAD de Galicia e o CDG coproducen esta nova versión do texto *Touporroutou da lúa e do sol*, considerado o de máis alta calidade escénica de todos os que Roberto Vidal Bolaño escribiu especialmente para o público infantil. Con este espectáculo, a compañía pública contribúe, así mesmo, á promoción e divulgación da figura do autor compostelán no ámbito educativo, principalmente entre o alumnado de infantil e primaria.



Cartel da montaxe do Teatro do Aquí (1995) cortesía da Asociación RVB

outubro

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Salón Teatro

Do 4 ao 20 de outubro



PREESTREA: 3 de marzo
ESTREA: 12 de marzo
 Auditorio Municipal Gustavo Freire
 XIX FITU
 LUGO

TEATRO UNIVERSITARIO

ANIMALIÑOS

Aula de Teatro da USC. Compañía de Teatro da USC-Lugo

DIRECCIÓN: Paloma Lugilde

AUTORÍA: Adaptación libre de Paloma Lugilde a partir da obra de Roberto Vidal Bolaño

ELENCO: Uxía Aguiar, Diego Ares, Lili Claro, Natalia Fernández, Moncho Ferreira, Mónica Folgueira, Guillermo Guada, Aline Marcimiano, Bea Miranda, Rubén Pérez, Roberto Rivas, Raquel Velasco



Neste texto, Vidal Bolaño aborda o microcosmos das urbanizacións de chalés acaroados que ocuparon a periferia das cidades galegas desde finais dos noventa. A historia comeza cando unha praga de caracois altera a pracenteira vida na urbanización e os seus habitantes unen forzas na procura de fórmulas para se enfrentaren aos pequenos invasores:

- Quen somos?
- Propietarios!
- Para que estamos aquí?
- Para adestrarnos!
- Con que sagrada misión?
- Para mellor gardar do noso xardín!





ESTREA

venres 10 de abril
Teatro Rosalía de Castro
A CORUÑA

TEATRO UNIVERSITARIO

A BURLA DO GALO

Aula de Teatro da UDC. TeatroNORMAL

DIRECCIÓN: Rubén Ruibal

AUTORÍA: Roberto Vidal Bolaño

ELENCO: Miguel Medina, Melani Corral, Bea Martínez Figueroa, Sara Fernández Baldomir, Amelia da Silva, Laura Blanco Mata, Leni Prieto, Diego Franqueira, Marcelino Fuentes

Vidal Bolaño achégase ao mito de Don Xoán desde unha perspectiva eminentemente galega e atopa en Álvaro Cunqueiro a súa principal fonte de inspiración, especialmente na particular aproximación ao donxoanismo no relato *O galo de Portugal de Merlín e familia*.

A burla do galo, ensaios. (2013)

FOTOS: Mario Horro



abril

A CORUÑA

Teatro Rosalía de Castro
XX FITEUC (Festival Internacional de
Teatro Universitario da Coruña)
10 de abril

VIGO

Auditorio Municipal
XV MITEU (Mostra Internacional de
Teatro Universitario)
16 de abril

OURENSE

Teatro Principal
XVIII MITEU (Mostra Internacional de
Teatro Universitario)
24 de abril

maio

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Salón Teatro. XIV MOTUG (Mostra de Teatro Universitario de Galicia)
2 de maio



ESTREA
13 de abril
Teatro Principal
XVIII MITEU
OURENSE

TEATRO UNIVERSITARIO

VIDAL BOLAÑO 2013

Aula de Teatro Universitario de Ourense

Compañía Cordelia (2º nivel)

DIRECCIÓN: Elena Seijo e Fina Calleja

AUTORÍA: A partir de varias pezas do autor

ELENCO: Pilar Rodríguez, Carmen Goyanes, Galicia Gutiérrez, Rubén Fernández, Eva Tato, Marielvi Martínez, Laura Lozano, Sonia Fernández, David Bobillo, Teresa Fernández, Sabrina Horrisberger

O espectáculo rescata algunhas das pasaxes máis destacadas de textos como *Rastros*, *Animaliños*, *Anxeliños*, *Bailadela da morte ditosa* ou *Criaturas* para compoñer un mosaico emocional que se presenta como homenaxe á figura e á obra de Roberto Vidal Bolaño.



Bailadela da morte ditosa. (1980)
FOTO: cortesía da Asociación RVB

abril

OURENSE

Teatro Principal
XVIII MITEU (Mostra Internacional
de Teatro Universitario)
13 de abril

A CORUÑA

Fórum Metropolitano
XX FITEUC (Festival Internacional de
Teatro Universitario da Coruña)
16 de abril

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Salón Teatro. XIV MOTUG
(Mostra de Teatro Universitario de Galicia)
29 abril

PREMIO ROBERTO VIDAL BOLAÑO AO ESPECTADOR

Nesta temporada teatral 2012-2013 do Salón Teatro de Santiago de Compostela créase o **Premio Roberto Vidal Bolaño ao Espectador**. Trátase dun galardón de carácter permanente co obxectivo de estimular a participación activa do público e, ao mesmo tempo, recoñecer o traballo de Vidal Bolaño e a súa preocupación pola captación e fidelización de públicos.

Á saída de cada unha das representacións celebradas durante esta temporada, os espectadores teñen a oportunidade de expoñer as súas suxestións, opinións ou comentarios a través das fichas que poden cubrir e depositar na caixa que o Salón Teatro pon á súa disposición. De entre todas as achegas recibidas, elixirase a máis destacada atendendo a diferentes criterios de valoración: tino, brillantez, audacia, reflexión... O nome do seu autor ou autora, que recibirá as obras completas de Vidal Bolaño e un abono anual para as representacións no Salón Teatro, darase a coñecer en outubro coincidindo co inicio da próxima temporada teatral.



SANTIAGO DE COMPOSTELA
Salón Teatro
19.00 h

VIDAL BOLAÑO RECUPERADO: citas audiovisuais

Santiago de Compostela, Ferrol, A Estrada, Vigo, Narón e Ponteareas acollen unha programación para achegarse á obra de Vidal Bolaño a través das gravacións das súas representacións históricas.

No Salón Teatro, en Santiago de Compostela, o ciclo desenvólvese en dúas quendas, en febreiro e en novembro, para ofrecer un total de 12 sesións arredor de pezas escritas e/ou dirixidas polo autor compostelán. Os profesores Xosé Manuel Fernández Castro e Inma López Silva son os encargados de conducir estas citas audiovisuais, nas que se proxectan fragmentos de vídeo das diferentes obras e que se completan co diálogo participativo cos asistentes.



SANTIAGO DE COMPOSTELA




SANTIAGO DE COMPOSTELA





A CORUÑA
CGAI
18 de maio
18.00 h



DOENTES

Unha película de Gustavo Balza sobre o texto de Vidal Bolaño

DIRECTOR: Gustavo Balza

GUIÓN: Roberto G. Méndez & Gustavo Balza

PRODUCCIÓN EXECUTIVA: Antón Reixa

DIRECTOR DE FOTOGRAFÍA: Suso Bello

DIRECTORA DE ARTE: Alexandra Fernández

ACTORES: Xosé Manuel Olveira "Pico", Xosé Antonio Durán "Morris", María Vázquez, Rosa Álvarez, Manolo Cortés, Farruco Castromán, Gonzalo Uriarte


Proxección do filme *Doentes*, de Gustavo Balza, sobre o texto homónimo de Vidal Bolaño. *O vello Hospital Real*, en Santiago de Compostela, é desaloxado para ser transformado nun hotel de luxo. Corren os anos 50 e na rúa quedan enfermos, pobres e peregrinos perpetuos. Así arranca a película de Balza, unha fita protagonizada por Xosé Manuel Olveira "Pico" e por Antonio Durán "Morris".





Doentes

Texto dramático de Roberto Vidal Bolaño.
 Edita: Edicións Positivas, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura e do Consorcio de Santiago



Obras completas de Roberto Vidal Bolaño

Un proxecto que agrupa a totalidade da creación literaria do autor homenaxeado en seis volumes.
 Edita: Edicións Positivas, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura



Un chapeu negro e un nariz vermello

Libro-DVD biográfico sobre o dramaturgo dirixido á educación secundaria, obra de Montserrat Penas (texto) e Gonzalo Enríquez (audiovisual).
 Edita: Galaxia, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura



Cadernos Ramón Piñeiro. Volume XXV: Roberto Vidal Bolaño. Escritos propios sobre o teatro (posicións e teoría)

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades edita esta nova entrega dos seus cadernos cunha escolma de traballos de Luís Alonso Girgado, Manuel Quintáns, Xosé Luís Cochón e Gustavo Luca de Tena arredor da andaina creativa de Roberto Vidal Bolaño.
 Edita: Xunta de Galicia

EXPOSICIÓN ITINERANTE

De maio a decembro percorrerá Galicia unha exposición itinerante para difundir a obra de Vidal Bolaño. A exposición, desenvolvida pola Asociación Roberto Vidal Bolaño coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, ofrece unha panorámica da extensa obra do dramaturgo a través das imaxes dos seus espectáculos, dos seus personaxes e dos seus textos. Un percorrido pola vida e a obra de Vidal Bolaño que é, ao mesmo tempo, un achegamento á historia do teatro profesional en Galicia.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

PONTEVEDRA

TUI

VIGO

VILAGARCÍA DE AROUSA

RIBEIRA

FERROL

A CORUÑA

BURELA

LUGO

VERÍN

OURENSE

Días sen gloria. Montaxe de Teatro Aquí (1993)

FOTO: Xenaro Martínez Castro. Por cortesía da Asociación Roberto Vidal Bolaño



CONCURSO-EXPOSICIÓN DE CARTEIS

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convoca un concurso-exposición dirixido a potenciar a colaboración entre departamentos e a implicación activa do profesorado e do alumnado na elaboración de materiais sobre o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.

As series de carteis gañadoras e as unidades didácticas correspondentes edítanse para seren expostas nos centros educativos de Galicia, nas bibliotecas, nas entidades pertencentes á Rede de Dinamización Lingüística etc. Neste ano 2013 as exposicións son da autoría do CEIP Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, de Rianxo e mais da Asociación Cultural Roberto Vidal Bolaño.

AS ACTIVIDADES DOS EQUIPOS DE DINAMIZACIÓN

Os proxectos escolares dos equipos de dinamización da lingua galega dedicados a Vidal Bolaño xa están dispoñibles no web da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

www.xunta.es/linguagalega/letras_galegas

FESTA DA LINGUA

A Federación de Relixiosos do Ensino de Galicia celebra no mes das Letras a Festa da Lingua, na que se congregan centos de alumnos e alumnas de toda Galicia e na que se entrega o Premio Frei Martín Sarmiento. Unha festa ampla e participativa que conta coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

VIDAL BOLAÑO EN UNIVERSIDADES DE TODO O MUNDO

O mes de maio convértese nun fervedoiro de actividade na Rede de Centros de Estudos Galegos e os seus lectorados de Lingua, literatura e cultura galegas de 38 universidades de fóra de Galicia. Coordinados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, súmanse á celebración das Letras Galegas dedicada a Vidal Bolaño cunha ampla proposta de actividades que pode consultarse en:

www.xunta.es/linguagalega

Novos materiais dixitais: BRINCALETRAS NO ESPAZO ABALAR

No repositorio de contidos do Espazo Abalar, no que ensinantes, estudantes e familias contan con materiais dixitais de carácter didáctico, está dispoñible unha aplicación Brincaletras para saber máis sobre a vida e a obra de Vidal Bolaño.

www.edu.xunta.es/espazoAbalar/espazo/repositorio/cont/roberto-vidal-bolano-letras-galegas-2013

Unidade didáctica: DÍAS SEN GLORIA

Para incidir no achegamento do alumnado á obra, o CDG elaborou un caderno pedagóxico, autoría de Montse Pena (Gálix), que afonda en aspectos característicos como a querencia do autor polos personaxes achegados á marxinalidade, a relación da súa escrita coa arte cinematográfica ou a intensidade da construción dos seus diálogos.

www.centrodramatico.org/mediateca/documentacion/cdg/diassengloria/caderno_pedagogico.pdf

LETRAS GALEGAS NA BIBLIOTECA DE GALICIA, NA CIDADE DA CULTURA

O 17 de maio a Cidade da Cultura celebra o Día das Letras Galegas no Auditorio da Biblioteca de Galicia cunha homenaxe dobre: a Bolaño, cunha intervención de Manuel Manquiña sobre textos do dramaturgo; e a Rosalía, no centenario de *Cantares Gallegos*, cun concerto a continuación do grupo Resonet sobre poemas da escritora (de 12.00 a 13.30 h, gratuíto, previa retirada de convite). Á mesma hora, obradoiro infantil sobre Bolaño (gratuíto, previa inscrición).

VIDAL BOLAÑO NAS BIBLIOTECAS NODAIS

Bolaño é protagonista no mes de maio nas bibliotecas nodais de Galicia a través das mostras bibliográficas dos fondos do autor e das guías de lectura para os usuarios. E ademais...

Biblioteca Pública González Garcés, da Coruña

29 de maio. "Vida e obra de Roberto Vidal Bolaño". Representación de Jaime López Villar (Teatro Antroido) e charla de Laura Ponte e Roi Vidal.

16 de maio. Lectura de textos de RVB no Club de lectura en galego. *Maio-xuño*. Exposición de carteis "Autor, actor e público do aquí".

Biblioteca Pública Ánxel Casal, de Santiago de Compostela

Maio. Exposición itinerante sobre Roberto Vidal Bolaño. III Concurso de carteis do Día das Letras Galegas, para nenos e nenas entre 3 e 14 anos.

16 de maio. Obradoiro-xogo "As 6 caras das Letras Galegas. Roberto Vidal Bolaño", para nenos e nenas de 6 a 16 anos.

Biblioteca Nodal de Lugo

Maio. Obradoiro de creación con cartón "Letras na corda: Roberto Vidal Bolaño 2013", para nenos e nenas de 6 a 14 anos. Certame de narración e debuxo infantil Letras Galegas 2013.

Biblioteca Nodal de Ourense

18 de maio. Representación teatral infantil de "Touporroutou" de Maquinarias teatro, a partir de 5 anos.

Biblioteca Nodal de Pontevedra

16 de maio. Obradoiro de creación con cartón "Letras na corda: Roberto Vidal Bolaño 2013", para nenos e nenas de 6 a 14 anos.

Biblioteca Nodal de Vigo

16 de maio. Lectura pública colectiva da obra "Laudamuco, señor de ningures".

maio

A CORUÑA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

LUGO

OURENSE

PONTEVEDRA

VIGO



Percival. Montaxe de Teatro Antroido (1983)

FOTO: Luca Gavagna. Por cortesía da Asociación Roberto Vidal Bolaño

“

(...) En realidade escribo polo que está ao meu alcance, de entre canto de verdade me importa; por non estar calado, por molestar, para que non todo sexan musicais americanos ou clásicos relidos, para que non duren tanto certos silencios e non me abouxe o barullo dunha única voz resoando día e noite na mesma mesquiña e empobrecedora dirección. Se, por riba, creo algo de beleza, cousa que dubido, mellor."

Roberto Vidal Bolaño

A handwritten signature in white ink, appearing to read 'Roberto Vidal Bolaño', with a stylized flourish at the end.



RVB

2013



XUNTA
DE GALICIA